

ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017 DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SUBMINISTRO EQUIPAMENTO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP NO CONCELLO DA ESTRADA

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:20 horas, do día 26 de outubro de 2017, reúnen-se os integrantes da Mesa de Contratación para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SUBMINISTRO EQUIPAMENTO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP NO CONCELLO DA ESTRADA seguintes:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde en funcións D. Juan M. Constenla Carbón.

VOGAIS:

-Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal.
-Dona Ana María Vigo Fariña, Interventora Municipal
-D. David Carballo Calvelo, Técnico de Deportes Municipal
-D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
-D. Manuel Fernández Cerdeira en representación do PS de G-PSOE
-Dna. Mar Blanco Casais, representante de MOVETE.
-Faltando D. José Ismael Pena Villamor, Concelleiro de Deportes e D. Xosé Magariños Maceiras en representación do BNG
-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa que, de conformidade ao acordado na reunión celebrada o día 11 de outubro 2017 na que se procedeu á apertura do sobre A, (documentación administrativa) detectouse que das cinco empresas que resultaron admitidas neste procedemento, tres delas non presentan a declaración de empresas vinculadas, tal e como se establece na cláusula 8 do sobre A do PCAP. A Mesa ao considerar que se trata dunha omisión enmendable, requiríuselle as empresas MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L., SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L., E BODYTONE INTERNACIONAL SPORT S.L., para que en caso de que seguisen interesadas neste procedemento, aportaran a indicada declaración, para o cal se lle concedeu un prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción do requirimento.

As empresas MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L., e SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L., recolleron a notificación na sede electrónica, tal e como consta no expediente de contratación, e dentro do prazo concedido dos tres días hábiles presentaron a correspondente declaración de empresas vinculadas.

Dado o retraso na recollida da notificación electrónica por parte da empresa BODYTONE INTERNACIONAL SPORT S.L., o departamento de Secretaria púxose en contacto coa mesma, tanto telefónicamente como por correo electrónico, para recordarlle que deberían de entrar na sede electrónica e recoller a notificación, e a partires de ahí empezaría a contar o prazo de tres días hábiles para presentar a documentación que se lle requería.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas unha vez transcorridos os dez días naturais sen acceder ao contido da notificación electrónica, entendese rexeitada cos efectos previstos no artigo 41.5 do citado texto legal.

Visto que o prazo da recepción telemática da notificación rematou o 23 de outubro, pero dado que, como consta no expediente, a empresa BODYTONE INTERNACIONAL SPORT S.L., xa había presentado a indicada declaración de empresas vinculadas o día 20 de outubro de 2017, pola secretaria acctal., indícase a Mesa, que se ben non recolleu a notificación, a declaración foi presentada antes de que expirara o prazo para considerar a mesma rexeitada polo que debería de considerarse o defecto subsanado e polo tanto continuar admitida nesta licitación.

A Mesa mostra a súa conformidade co informado verbalmente pola Secretaria actal., e polo tanto, declarar o defecto subsanado por parte das tres empresas e como consecuencia acorda a continuidade das mesmas neste procedemento licitatorio.

De seguido procédese á apertura do sobre C "Oferta Técnica" (criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor), obténdose o seguinte resultado:

As empresas -MANTEN S.L., MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.,GRUPO CONTACT FITNESS S.L. e BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L. presentan diversa documentación en relación cos criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor.

Procedido á apertura do sobre C “Oferta Técnica” da empresa SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L., obsérvase que inclúe neste sobre erróneamente a proposta económica que lle correspondería incluír no sobre B, polo tanto a Mesa acorda excluír á citada empresa deste procedemento de contratación.

A continuación a Mesa decide pasar a documentación das empresas MANTEN S.L., MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.,GRUPO CONTACT FITNESS S.L. e BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L. ao Técnico Municipal de Deportes para que emita o informe de valoración correspondente. Unha vez realizado o mesmo, volverase a reunir para dar a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor e posteriormente á apertura dos sobres B (oferta económica), o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora da reunión.

E non sendo outro o obxecto deste acto, dáse por rematado o mesmo sendo as once horas e dez minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)

!